

Oitava.-Cualificación dos exames.

Os aspirantes cualificaranse como aptos ou non aptos.

Novena.-Lista de aprobados.

O tribunal cualificador elevará á Dirección Xeral de Conservación da Natureza a relación provisional de aprobados. O director xeral de Conservación da Natureza elevará a definitiva a lista de aprobados, que se publicará na páxina web da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

O tribunal cualificador resolverá cantas incidencias se susciten nesta convocatoria e contra as súas resolucións poderase interpoñer recurso de alzada perante o director xeral de Conservación da Natureza.

Santiago de Compostela, 16 de xuño de 2006.

Xosé Benito Reza Rodríguez
Director xeral de Conservación da Natureza

CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

Orde do 6 de xullo de 2006 pola que se aproban as bases e se convocan as subvencións aos concellos para resolver o problema da infravivenda rural.

O Decreto 233/2003, do 3 de abril, de axudas aos concellos para a infravivenda rural tiña un prazo de presentación de solicitudes que rematou o 31 de decembro de 2005, continuando vixente para a tramitación das solicitudes presentadas dentro do prazo.

A Consellería de Vivenda e Solo ten atribuídas todas as competencias en materia de vivenda e solo. No exercicio destas considera prioritario atender á necesidade aínda existente de resolver o problema da vivenda das familias e unidades convivenciais con baixos ingresos que habitan en infravivendas rurais de Galicia o que explica a oportunidade de publicar unha nova normativa actualizada, tanto na contía das subvencións como na súa estrutura en coherencia coas actuais disposicións vixentes en materia de subvencións.

A presente orde establece as bases reguladoras e abre a convocatoria de concorrencia non competitiva de subvencións aos concellos para resolver o problema das infravivendas rurais.

En virtude do anterior, logo dos informes preceptivos segundo o Decreto 287/2000, do 21 de novembro e a orde da Consellería de Presidencia e Admi-

nistración Pública do 9 de decembro de 1993, e en uso das referidas autorizacións

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

A presente disposición ten por obxecto aprobar as bases reguladoras, que terán vixencia indefinida, e establecer o marco da colaboración entre a Consellería de Vivenda e Solo e os concellos de Galicia, incentivados mediante a presente convocatoria de subvencións a fondo perdido que, en réxime de concorrencia non competitiva, se abre para o ano 2006, para a solución do problema das infravivendas rurais, de modo que as familias e unidades convivenciais con baixos ingresos que as habitan poidan acadar unha vivenda digna conservando a súa integración social co medio.

Artigo 2º.-Concepto de infravivenda rural.

1. Para os efectos da presente disposición enténdense por infravivendas rurais as edificacións situadas en entidades de poboación de menos de 1.500 habitantes que, sen reuniren as mínimas condicións de habitabilidade, veñen sendo utilizadas como vivendas por familias e unidades convivenciais con ingresos ponderados inferiores ao indicador público de efectos múltiples (IPREM).

2. Para os efectos desta orde as anteditas condicións mínimas de habitabilidade enténdense referidas aos seguintes aspectos: seguridade e estancidade, condicións hixiénico-sanitarias, espazo habitable suficiente, servizos de auga e electricidade.

Artigo 3º.-Actuacións protexibles.

As axudas aos concellos previstas no presente decreto deberán destinarse a algunha das seguintes actuacións:

I. Actuacións en infravivendas ou terreos propiedade das persoas afectadas.

A) Rehabilitación da infravivenda.

Comprende actuacións de rehabilitación que figuran no anexo I da presente disposición.

B) Renovación da infravivenda.

Comprende as actuacións de renovación que figuran no anexo I da presente disposición.

C) Nova construción de vivenda unifamiliar.

Comprende a construción de vivenda nova unifamiliar con destino a realoxamento da familia que habita na infravivenda non susceptible dalgunha das actuacións precedentes.

II. Actuacións en edificacións ou terreos do concello.

D) Acondicionamento de edificacións do concello para o seu uso como vivendas.

Comprende as actuacións de rehabilitación e acondicionamento de edificacións dos concellos co fin de adaptalas para aloxamento das familias que habitan en infravivendas non susceptibles dalgunha das actuacións precedentes.

E) Nova construción de vivendas.

Comprende a construción de vivendas novas con destino a realoxamento das familias que habitan en infravivendas non susceptibles dalgunha das actuacións precedentes.

III. Requisitos das actuacións.

1. En todas as actuacións, seguirase a normativa técnica e urbanística en vigor.

2. As actuacións relativas á adecuación estrutural e de seguridade serán preferentes ás previstas en materia de habitabilidade e protección patrimonial, polo que, se o inmovible o precisase, non poderán acometerse estas sen a previa realización das primeiras.

3. As actuacións en mellora da habitabilidade, a elección do tipo de reforzo ou novo sistema estrutural, as de adecuación de espazos interiores, as de ampliación e as de inclusión ou modificación de instalacións terán sempre en consideración as condicións de protección do patrimonio.

4. As actuacións deberán respectar e manter as características tipolóxicas valiosas da edificación primitiva, conservando todos os elementos merecentes de protección polo seu valor cultural, histórico, arquitectónico ou tradicional e deberán, así mesmo, garantir a súa adecuación ao medio e á paisaxe en canto á elección de materiais e á disposición dos distintos elementos que compoñen o edificio ou o conxunto. Deberán ter en consideración as cuestións de uso racional de materiais, dando prioridade aos de procedencia local, e de eficiencia enerxética, cos illamentos e a elección axeitada dos sistemas de calefacción e auga quente.

5. As actuacións deberán cumprir a normativa vixente en materia de habitabilidade, e especificamente as exixencias derivadas do Decreto 311/1992, do 12 de novembro.

Artigo 4º.-Persoas beneficiarias.

Poderán solicitar as axudas reguladas nesta orde os concellos de Galicia con infravivendas rurais no seu termo habitadas por familias con ingresos familiares ponderados que non superen o indicador público de renda de efectos múltiples.

Artigo 5º.-Axudas.

1. As axudas aos concellos para as actuacións anteriormente sinaladas poderán acadar o 80% do orzamento protexido das obras para os concellos de poboación inferior a 50.000 habitantes, e o 65% para os restantes, sen que en ningún caso poidan superar a cantidade de 30.000 euros por vivenda

para as actuacións comprendidas nas letras A e D do artigo 3º deste decreto, e de 45.000 euros por vivenda para as actuacións comprendidas nas letras B, C, e E do devandito artigo.

Artigo 6º.-Ingresos familiares.

Para os efectos do determinado no artigo 2º da presente disposición enténdese:

1. Por ingresos familiares a contía, expresada en número de veces o IPREM que, nesta orde, substitúe como indicador ao salario mínimo interprofesional no seu cómputo anual, incluíndo dúas pagas extras, da parte xeral e especial da base impositiva reguladas nos artigos 39, 40 e 51 respectivamente, do texto refundido do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2004, do 5 de marzo, e correspondente á declaración da persoa interesada e ás declaracións de cada un dos demais membros da unidade familiar, presentadas no período impositivo inmediatamente anterior, con prazo de presentación vencido, á solicitude da subvencións.

Se a persoa interesada non presentase declaración por non estar obrigada a iso, a acreditación dos seus ingresos familiares efectuarase mediante declaración responsable, relativa ás mencionadas parte xeral e especial da base, sen prexuízo da posible comprobación administrativa.

Descontaranse, en todo caso, os ingresos percibidos en concepto de pensións ou subvencións por invalidez ou minusvalidez.

2. Por ingresos familiares ponderados, os resultados de lles aplicar aos ingresos familiares os seguintes coeficientes multiplicadores de ponderación en función do número de membros da unidade familiar:

Familias de 1 membro: 1.

Familias de 2 membros: 0,90.

Familias de 3-4 membros: 0,80.

Familias de 5-6 membros: 0,70.

Familias de máis de 6 membros: 0,60.

3. Por unidade familiar tal e como resulte definida polas normas reguladoras do imposto sobre a renda das persoas físicas.

As referencias á unidade familiar, para efectos de ingresos, fanse extensivas ás persoas que non estean integradas en ningunha unidade familiar.

Artigo 7º.-Solicitudes.

Os concellos que desexen acollerse aos beneficios da presente disposición formularán solicitude escrita que presentarán nas delegacións provinciais da Consellería de Vivenda e Solo que correspondan por razón da situación da vivenda ou en calquera das formas previstas na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e

do procedemento administrativo común, xunto coa seguinte documentación:

1. Memoria para cada unha das infravivendas obxecto das actuacións composta por:

1.1. Impreso, que figura no anexo II desta disposición cos datos da unidade familiar e da infravivenda, asinado necesariamente pola persoa da familia, ou unidade convivencial, que a represente e, se é o caso, pola persoa propietaria do inmovible, membro da unidade familiar.

1.2. Informe social sobre a composición, idades, situación económica, de saúde, cultural e de integración social da unidade familiar, con xustificación da necesidade e do axeitado das solucións propostas.

1.3. Informe sobre a infravivenda que ocupa a familia afectada, asinado polo técnico competente relativo á súa localización, características e estado de deteriorización, con reportaxe fotográfica en cor da edificación e xustificación da necesidade e idoneidade das actuacións propostas.

1.4. Proxecto técnico con memoria das actuacións propostas de entre as consideradas no artigo 3º da presente disposición, orzamento de execución material e calendario de execución.

1.5. Informe do técnico municipal de que as actuacións propostas cumpren os requisitos de planeamento, tipoloxía, habitabilidade e conservación do patrimonio exixidos no artigo 3.III da presente orde.

1.6. Custo total das actuacións e esquema de financiamento que xustifique a viabilidade financeira da operación.

2. Certificado do acordo da entidade local no que se solicite a subvención á Consellería de Vivenda e Solo aceptando os termos da presente disposición e de conformidade coa memoria, orzamento e prazo, que figuran no punto anterior, facultándose o alcalde para aceptación da subvención.

3. Declaración do conxunto de todas as subvencións solicitadas ou concedidas, para as actuacións obxecto desta solicitude, das administracións públicas ou doutros entes públicos.

Artigo 8º.-Prazo de solicitude.

O prazo de presentación de solicitudes comezará o día da entrada en vigor da presente disposición e rematará o día 15 de setembro de 2006.

Artigo 9º.-Concesión da subvención.

Á vista da documentación presentada e logo das comprobacións e inspeccións que se consideren pertinentes a conselleira de Vivenda e Solo, por proposta do delegado provincial, procederá, tendo en conta os recursos económicos dispoñibles na correspondente aplicación orzamentaria, a conceder a subvención do expediente, no caso de cumprir os requisitos exixidos, ou a denegala, logo de proposta motivada, no caso de non cumprilos, con notificación ao concello.

A resolución de concesión comprenderá as actuacións que se van realizar así como as condicións que se coiden necesarias para a súa execución, o prazo de execución das obras, o orzamento protexido e a contía da subvención aprobada.

Fará, así mesmo, mención expresa de que o pagamento da subvención estará condicionado á correcta realización das actuacións obxecto da subvención e ao cumprimento dos demais requisitos exixidos pola convocatoria que a regula.

O prazo de execución non poderá exceder de 1 ano, a partir da data de notificación da concesión, para as actuacións de rehabilitación comprendidas no punto I.A do artigo 3º da presente disposición e de 2 anos para as restantes actuacións.

Excepcionalmente por causa xustificada e por petición motivada do concello, poderase conceder unha ampliación do prazo establecido que non exceda da metade del.

O gasto distribuirase plurianualmente conforme o artigo 58 da Lei de réxime financeira e orzamentaria de Galicia, dentro dos límites establecidos.

O non-cumprimento dalgún dos requisitos establecidos na presente disposición ou o feito de que as actuacións obxecto da solicitude xa estivesen realizadas con anterioridade ao momento da solicitude das axudas, será motivo da denegación da concesión da subvención do expediente.

Serán, así mesmo, obxecto da denegación as propostas de concesión que queden sen asignación de recursos por esgotamento dos previstos na orde de convocatoria.

O concello beneficiario dispoñerá do prazo dun mes contado a partir da notificación da concesión para remitir o escrito do alcalde aceptando a subvención nas condicións establecidas na resolución aprobatoria.

Transcorrido o devandito prazo sen que se produza a aceptación por parte da entidade solicitante entenderase anulada a subvención, agás por circunstancias excepcionais que deberán xustificarse dentro do prazo.

Os concellos aos que lles fosen denegadas as súas solicitudes por falta de recursos dispoñibles, poderán presentalas de novo na seguinte convocatoria anual. Neste caso, tomaranse como referencia os ingresos, proxecto e demais circunstancias que no seu día motivaron a proposta de concesión, sempre que o concello, con ocasión da nova solicitude, confirme a súa validez e permanencia.

Artigo 10º.-Pagamento da subvención.

O concello beneficiario, unha vez executadas as obras declaradas dentro do prazo concedido para o efecto, disporá dun prazo de 15 días para comunicar por escrito á delegación provincial da Consellería de Vivenda e Solo a súa finalización, xuntando fotografías que mostren as obras realizadas,

así como a acta de recepción e certificación valorada aprobada polo concello da total execución das obras obxecto de concesión da subvención.

A falta de comunicación no dito prazo do concello, salvo causa xustificada, dará lugar á perda da subvención por incumprimento das condicións da concesión.

O delegado provincial da Consellería de Vivenda e Solo, á vista da documentación presentada, logo das comprobacións e inspeccións que se consideren oportunas, certificará sobre o cumprimento das condicións exixidas para a elevación da proposta de pagamento á conselleira de Vivenda e Solo ou persoa en quen delegue.

No caso das actuacións cun prazo inicial de execución superior a un ano, logo de que o concello certifique a realización do 50% da actuación prevista, a conselleira de Vivenda e Solo, logo de certificación e proposta do delegado provincial, poderá resolver o pagamento do 50% da subvención concedida e o 50% restante logo da finalización das actuacións.

Os concellos beneficiarios, no momento da xustificación da execución total do proxecto e, en calquera caso, antes do derradeiro pagamento, presentarán unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto das aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para un mesmo proxecto das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

As subvencións serán aboadas aos concellos mediante transferencia bancaria.

Artigo 11º.-Perda da subvención.

Será motivo de perda da subvención non executar as obras obxecto da concesión de subvención dentro do prazo concedido para o efecto, así como non executalas segundo o proxecto aprobado.

A conselleira de Vivenda e Solo, ou persoa en quen delegue, após proposta motivada do delegado provincial, ditará resolución expresa na que figure o motivo da perda do dereito ao pagamento da subvención, comunicándolle ao concello o remate e arquivo do expediente.

Non obstante, poderá proporse o pagamento naqueles casos en que, conseguida a seguridade estrutural e a habitabilidade da vivenda e cumpridos os demais requisitos, se comprobe que as obras executadas de entre as declaradas provisionalmente chegan como mínimo ao 75% do orzamento protexido. Neste caso, a contía da subvención limitarase á porcentaxe inicialmente concedida do orzamento efectivamente executado.

Artigo 12º.-Recursos.

Contra as resolucións de aprobación ou denegación da concesión e do pagamento da subvención do expediente poderase interpoñer recurso potestativo de

reposición perante a conselleira de Vivenda e Solo, nos prazos establecidos no artigo 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, perante o órgano xurisdiccional competente, nos termos previstos no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Artigo 13º.-Obrigas.

1. A vivenda resultante das actuacións subvencionadas de entre as recollidas no punto I do artigo 3º desta disposición deberá dedicarse a residencia habitual e permanente durante polo menos 5 anos, da unidade familiar que ocupaba a infravivenda.

2. As vivendas resultantes das actuacións recollidas no punto II do artigo 3º do devandito artigo quedarán vinculadas á solución do problema da infravivenda definido na presente disposición.

Artigo 14º.-Facultade de inspección.

1. Desde o momento da presentación da solicitude a Consellería da Vivenda e Solo poderá realizar todas as inspeccións ou comprobacións que se consideren oportunas para verificar a exactitude dos datos achegados, a execución das obras aprobadas ou o destino da subvención concedida.

2. Os concellos están obrigados a facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas ou o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

Artigo 15º.-Garantías.

1. O incumprimento das condicións establecidas para a concesión das axudas determinará a obriga do reintegro por parte do concello beneficiario dos recursos achegados pola Consellería da Vivenda e Solo.

2. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión das axudas.

Artigo 16º.-Prazos de resolución.

De acordo co artigo 42.2º da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, o prazo máximo establecido para resolver e notificar as resolucións de concesión da subvención será de tres meses. Así mesmo, segundo o disposto no artigo 44.1º da antedita lei, vencido o prazo máximo establecido sen que se ditase e notificase a resolución, os concellos interesados poderán entender desestimadas as súas pretensións por silencio administrativo.

Artigo 17º.-Rexistro de axudas e subvencións.

As subvencións que se outorguen integraranse, na forma que se estableza regulamentariamente, no

Rexistro de Axudas e Subvencións, que será de acceso público.

Artigo 18º.-Compatibilidade.

Os beneficios establecidos na presente disposición:

1. Son incompatibles con calquera outra axuda con cargo aos orzamentos da Consellería de Vivenda e Solo ou do Ministerio de Vivenda, destinadas ás mesmas actuacións.

2. Non poderán concederse a aqueles concellos que, ao abeiro de calquera norma autonómica reguladora de axudas para a infravivenda rural as teñan solicitado para a mesma infravivenda nos catro exercicios inmediatamente anteriores ao da presentación da solicitude, coa excepción daqueles casos en que as solicitudes rematasen o seu procedemento sen obter ningún beneficio.

Artigo 19º.-Crédito e contía.

Poderán concederse subvencións por un importe de 890.000 € con cargo ao crédito que figure consignado para esta finalidade na aplicación 17.02.331A.760.0 do estado de gastos dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

Disposición derradeira

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 6 de xullo de 2006.

Teresa Táboas Veleiro
Conselleira de Vivenda e Solo

ANEXO I

Actuacións protexibles

Rehabilitación:

A) Actuacións en elementos exteriores, segundo tipoloxía da zona:

1. Acabamentos de fachada.
2. Carpintaría exterior.
3. Cubertas.

B) Condicións estruturais-seguridade.

4. Elementos estruturais e construtivos
5. Adecuación ou realización de instalacións en xeral.
6. Mellora das condicións de illamento en xeral.
7. Medidas de seguridade (incendios, sinistros, etc.).

8. Acabamentos de elementos comúns.

C) Habitabilidade.

9. Mellora no programa funcional das vivendas, tendo presente os posibles elementos de valor patrimonial.

10. Adecuación das dimensións da vivenda e as estancias.

11. Mellora na funcionalidade das diferentes instalacións. En xeral, obras dirixidas a adecuar as condicións hixiénico-sanitarias.

12. Condicións de ventilación, iluminación e aireación. En xeral, acondicionamento e mellora do comportamento higo-térmico, illamentos e estanquidade da vivenda.

14. Mellora das condicións construtivas tendo en conta o tipo construtivo de partida.

D) Condicións de protección patrimonial.

15. Melloras do volume externo.

16. Melloras de elementos singulares.

E) Accesibilidade. Outras actuacións.

18. Adaptación da vivenda ou do edificio para uso de persoas con discapacidade.

19. Supresión de elementos engadidos.

20. Acabamentos interiores.

Nestas actuacións, para o caso de que o promotor sexa distinto do concello, será necesaria a licenza municipal de obras.

Renovación:

1. Reforzo ou substitución parcial de elementos estruturais, quedando excluídas as reconstrucións totais de casas en ruína física como consecuencia de demolición ou baleirados da edificación primitiva.

2. Readaptación da configuración arquitectónica interior do edificio con adecuacións significativas dos seus elementos fixos ou estruturais, en actuacións de ampliación do espazo habitable dentro dos límites da edificación existente. Quedan excluídas todas as actuacións en vivendas, con ampliacións que supoñan aumento ou modificación do volume da edificación primitiva, feitas cunha antigüidade inferior aos 20 anos.

3. As obras en edificacións que só permiten a conservación de elementos illados da edificación primitiva, incorporándoos á edificación de nova planta.

4. Ampliación da vivenda.

No caso das actuacións recollidas nos puntos 1, 2 e 4 que leven aparelladas actuacións de rehabilitación, presentárase un só orzamento global, debidamente desagregado e o conxunto considerárase como actuación de renovación.

Para todas as actuacións de renovación será requisito, ademais da licenza municipal para o caso de que o promotor sexa distinto do concello, o correspondente proxecto así como o compromiso de dirección de obra asinado polo técnico competente que, ademais das calidades técnicas e de seguridade das obras garantirá os requisitos do artigo 3º III da presente disposición.



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO
 Dirección xeral de Fomento e Calidade da vivenda

PROCEDEMENTO <p style="text-align: center;">SUBVENCIONS AOS CONCELLOS PARA A INFRAVIVENDA RURAL</p>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <p style="text-align: center;">VI406A</p>
---	--

CONCELLO DE

DATOS DA UNIDADE FAMILIAR E DA INFRAVIVENDA

NOME E APELIDOS DA PERSOA DA FAMILIA QUE A REPRESENTA			DNI / NIF
INGRESOS FAMILIARES	Nº DE MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR	COEFICIENTE DE PONDERACIÓN APLICADO	INGRESOS FAMILIARES PONDERADOS
SITUACIÓN DA INFRAVIVENDA (LUGAR, RÚA, PRAZA)			
PARROQUIA			Nº DE HABITANTES DA ENTIDADE DE POBOACIÓN

ACTUACIONES PREVISTAS POLO CONCELLO

<i>INFRAVIVENDA</i>	<i>Nº</i>	<i>ORZAMENTO DAS OBRAS</i>
1.- Actuacións en infravivendas ou terreos propiedade dos afectados.		
A) Rehabilitación da infravivenda	<input style="width: 50px; height: 20px;" type="text"/>	_____ €
B) Renovación da infravivenda	<input style="width: 50px; height: 20px;" type="text"/>	_____ €
C) Nova construción da vivenda unifamiliar	<input style="width: 50px; height: 20px;" type="text"/>	_____ €
2.- Actuacións en edificacións ou terreos do concello.		
D) Acondicionamento de edificación do concello para o seu uso como vivendas	<input style="width: 50px; height: 20px;" type="text"/>	_____ €
E) Nova construción de vivendas con destino a realoxamento das familias que habitan en infravivendas	<input style="width: 50px; height: 20px;" type="text"/>	_____ €

COMPROMISOS

A persoa membro da familia, asinante		
DECLARA		
Que todos os datos que figuran neste impreso son certos e que		
COÑECE e AUTORIZA as actuacións propostas polo concello para solucionar a situación de infravivenda ao abeiro das disposicións vixentes de subvencións aos concellos para infravivenda rural.		
No caso de que a actuación esté comprendida nalgún dos supostos A), B) ou C) do punto I do artigo 3º da Orde do 6 de xullo de 2006, a referida autorización implica a da realización das obras precisas no inmovible do que se trata, comprometéndose a destinar a vivenda a residencia habitual e permanente propia e da súa familia durante o período previsto en ditas disposicións.		
Sinatura e selo do concello	Sinatura da persoa membro da familia, que a representa	Sinatura do/a propietario/a

LEXISLACIÓN APLICABLE
<p style="text-align: center;"><i>Orde do 6 de xullo de 2006 pola que se aproban as bases e se convocan as subvencións aos concellos para resolver o problema da infravivenda rural.</i></p>
_____, de _____ de 200

Orde do 6 de xullo de 2006 pola que se aproban as bases e se convocan as subvencións complementarias destinadas a xente moza adquirente de vivendas de protección pública.

A Consellería de Vivenda e Solo ten atribuídas todas as competencias en materia de vivenda e solo. No exercicio destas considera prioritario favorecer o acceso á vivenda digna da súa cidadanía, dando así cumprimento ao mandato constitucional e estatutario.

É atención preferente da Consellería de Vivenda e Solo apoiar o colectivo de xente moza para facer fronte á decisión de acceder a unha vivenda, que permita a súa autonomía e construción de vida propia, instrumentando subvencións complementarias aos plans de vivenda e continuando agora coa liña de subvencións en beneficio dos mozos de baixo poder adquisitivo que accedesen en propiedade a unha vivenda financiada ao amparo dos plans estatais de vivenda anteriores ao Plan de vivenda 2002-2005 e no período que se determina.

A Orde do 11 de febreiro de 2005 xa regulou para o dito ano as axudas complementarias destinadas a xente moza adquirente de vivendas de protección pública.

En virtude do anterior, logo dos informes preceptivos segundo o Decreto 287/2000, do 21 de novembro e a orde da Consellería de Presidencia e Administración Pública do 9 de decembro de 1993, e en uso das referidas autorizacións,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

Esta orde ten por obxecto aprobar as bases reguladoras, que terán vixencia indefinida, e a convocatoria para o ano 2006 das subvencións complementarias destinadas a xente moza adquirente de vivendas de protección pública no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, en réxime de concorrencia non competitiva.

Artigo 2º.-Actuacións subvencionables.

1. A adquisición, adxudicación ou promoción para uso propio de vivendas de protección oficial de promoción privada.

2. A adquisición, adxudicación ou promoción para uso propio de vivendas declaradas protexidas pola comunidade autónoma.

3. A adquisición protexida doutras vivendas xa construídas e de vivendas a prezo taxado.

Artigo 3º.-Beneficiarios.

Poderán resultar beneficiarios das subvencións as persoas físicas adquirentes, adxudicatarios ou promotores para uso propio que reúnan os seguintes requisitos:

1. Que o solicitante e, se é o caso, os demais membros da unidade familiar, acrediten unha idade non superior a 35 anos na data de formalización da escritura pública de compravenda, de adxudicación ou, se é o caso, de obra nova rematada.

2. Que os ingresos anuais ponderados da unidade familiar non excedan de 21.000 euros.

3. Que obtivesen préstamo cualificado coa debida conformidade do Ministerio de Fomento con cargo aos convenios dos correspondentes plans de vivenda, anteriores ao Plan Estatal de Vivenda 2002-2005, debendo estar formalizado entre o 1 de xaneiro de 1999 e a data de presentación, dentro do prazo,

da solicitude destas subvencións, e en período de amortización.

4. Que a vivenda se destine a residencia habitual e permanente do adquirente, adxudicatario ou promotor para uso propio.

5. Que non solicitasen as devanditas axudas ao abeiro das ordes do 22 de setembro de 2000, do 18 de xullo de 2001, do 13 de xuño de 2002, do 20 de marzo do 2003, do 10 de marzo de 2004 e do 11 de febreiro de 2005, coa excepción daqueles casos en que as solicitudes remataron o seu procedemento sen obter ningún beneficio.

Artigo 4º.-Requisitos.

1. Os ingresos determinantes do dereito a obter a subvención virán referidos aos ingresos familiares anuais que se ponderarán segundo se establece no punto 2 deste artigo. Os ingresos familiares obteranse da declaración da renda de todos os membros da unidade familiar referida ao último período impositivo con prazo de presentación vencido na data da solicitude desta subvención. O cálculo farase sumando a parte xeral e especial, reguladas nos artigos 39 e 40, e restando á cantidade resultante a redución prevista no artigo 51, preceptos estes do texto refundido do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2004.

Se o interesado non presentase declaración da renda por non estar obrigado a iso, a acreditación dos seus ingresos familiares efectuarase mediante declaración responsable relativa ás contías arriba mencionadas, sen prexuízo de ter que achegar os documentos acreditativos que se establecen para a súa comprobación no artigo 11 e) desta orde.

2. Aos ingresos determinados na forma prevista no punto anterior aplicarase o seguinte coeficiente multiplicador de ponderación en función do número de membros da unidade familiar:

Familias dun membro: 1,00.

Familias de dous membros: 0,97.

Familias de tres membros: 0,93.

Familias de catro membros: 0,90.

Familias de cinco membros: 0,87.

Familias de seis ou máis membros: 0,83.

3. Para os efectos desta orde, a unidade familiar enténdese tal e como resulta definida polas normas reguladoras do imposto sobre a renda das persoas físicas.

As referencias á unidade familiar, para efectos de ingresos, fanse extensivas ás persoas que non estean integradas en ningunha unidade familiar así como ás parellas de feito recoñecidas legalmente segundo a normativa establecida ao respecto.

Artigo 5º.-Subvención.

A contía das axudas en forma de subvención será de 1.500 euros por vivenda para os beneficiarios que cumpran os requisitos especificados nesta orde.

Artigo 6º.-Tramitación.

1. Unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes, examinadas estas e, á vista da documentación presentada e logo das comprobacións e inspeccións oportunas, o delegado provincial da Consellería de Vivenda e Solo elevará a proposta de concesión de subvención de cada expediente, no caso de cumprirse os requisitos exixidos, ou proposta de denegación motivada, nos supostos de incumprimento, á conselleira, quen, á vista delas e tendo en conta os recursos económicos dispoñibles na